

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Deportes

Bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas e pistas escolares no Concello de Ferrol. Tempada 2017-2018

ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN DE-PORTIVAS E PISTAS ESCOLARES NO CONCELLO DE FERROL. TEMPADA 2017-2018

1.-Obxecto da convocatoria.

Outorgamento de autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares (anexo I) por entidades deportivas durante a tempada 2017-2018 (do 1 de outubro de 2017 a 30 de xuño de 2018), con posibilidade de prórroga por 2 meses máis, previa solicitude e xustificación da súa necesidade pola entidade deportiva así como da dispoñibilidade das instalacións solicitadas.

2.-Destinatarios.

Unicamente poderán participar nesta convocatoria as entidades, clubs, asociacións deportivas ou outras entidades inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol e exclusivamente para un uso deportivo.

3.-Presentación de solicitudes.

Prazo de presentación de solicitudes: 10 días hábiles dende o día seguinte á publicación de anuncio no BOP

As solicitudes se presentarán, de acordo cos modelos previstos nos anexos a estas bases, no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, en horario de 9:00 horas ás 14:00 horas ou en calquera/s outro/s rexistro/s ou oficinas aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo común de las Administracións Públicas.

– No caso de solicitudes para actividade deportiva federada (anexo II), achegarase á solicitude:

- Copia da inscrición dos equipos na competición.

– No caso de solicitudes para actividade non federada (deporte recreativo, escolas deportivas anexo III), achegarase á solicitude:

- Copia da póliza do seguro de RC e de Accidentes con xustificante de pago que acredite a cobertura de todos/as os/as participantes da súa actividade.

En ambos supostos e co fin de cumprir coas obrigas que establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, en relación ás persoas en contacto habitual con menores durante o desenvolvemento da actividade obxecto da solicitude, todas as solicitudes deberán vir acompañadas:

- Declaración responsable de que o persoa que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto da autorización, cumpre os requisitos previstos no artigo 13 da Lei 26/2015 do 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. (anexo IV)
- No caso de que ningunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá acreditalo de forma expresa mediante unha declaración responsable (anexo IV)

As entidades beneficiarias quedan obrigadas á comunicación de calquera cambio ou incidencia que afecte á documentación anterior.

4.-Acreditación da capacidade dos solicitantes.

No suposto de que os solicitantes sexan entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol (antigo rexistro do extinguido Patronato Municipal de Deportes), bastará a indicación do número de rexistro e razón social.

Os solicitantes que non sexan entidades deportivas deberán acompañar á solicitude a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Fotocopia do CIF.
- Fotocopia do NIF da persoa que asine a solicitude, así coma do título que lle outorgue a representación.
- Fotocopia do acto ou documento de constitución no que conste o seu obxecto social ou fins da asociación ou entidade ou no seu caso, declaración responsable sobre o uso deportivo da instalación solicitada.
- Certificado ou copia do acordo do órgano competente da entidade para formular a solicitude.
- Documentación acreditativa dos elementos a valorar con arranxo aos criterios de valoración da orden de prelación da solicitude.

5.-Procedemento de outorgamento de autorizacións de uso.

O procedemento iníciase mediante a presentación da solicitude de conformidade co modelo previsto no anexo II e anexo III.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o persoal técnico competente calificará a suficiencia e integridade das solicitudes presentadas.

A continuación, publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos, mediante anuncio publicado no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal www.ferrol.es.

O dito anuncio abrirá un período de alegacións á lista provisional de 10 días hábiles, durante os cales calquera interesado poderá subsanar os erros ou omisións advertidas na súa solicitude, alegar canto estime oportuno na defensa dos seus intereses ou presentar un horario alternativo nas franxas horarias ou instalacións sen ocupar.

Á vista das alegacións, documentos e demais antecedentes, aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, que será exposta ao público.

6.-Orde de prelación de solicitudes.

A orde de prelación de solicitudes será o resultado de aplicar os criterios obxectivos recollidos nas presentes bases e unicamente no suposto de que dúas ou máis entidades soliciten a mesma instalación deportiva e na mesma franxa horaria.

7.-Criterios obxectivos da orde de prevalenza de solicitudes.

1. Prevalecerá a solicitude das entidades deportivas inscritas no Rexistro de entidades deportivas do extinguido Patronato Municipal de deportes ou no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol baixo o epígrafe Deportes fronte sobre ás solicitudes das entidades inscritas que non sexan deportivas.
2. Exclusividade da instalación para a práctica desa modalidade deportiva. Prevalecerá a solicitude daquela entidade que por motivos técnicos só poida desenvolver a súa práctica na instalación solicitada.
3. División na que compite o equipo para a que o Club ou entidade solicita pista e horario. Prevalecerá a división máis alta dos clubs solicitantes. Para a acreditación da división na que compite, tal e como se recolle no artigo 3 destas bases, é obrigatorio xuntar a copia da inscrición do equipo na competición.
 - I. No caso de equipos que xoguen fases de ascenso de división durante a tramitación do procedemento, tomarase como referencia a división que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes.
 - II. Prevalecerán as solicitudes efectuadas para actividades que teñan como destinatarios usuarios nados no 2009 e posteriores, cando estas se efectúen para o horario de 16:00 a 18:00 horas.
4. Maior antigüidade do club no uso da mesma instalación deportiva e coa mesa franxa horaria.

8.-Límites dos contidos das solicitudes.

Cada entidade deportiva unicamente poderá presentar unha solicitude por cada un dos equipos dos que dispoña ou actividade non federada. No suposto de que unha entidade deportiva presente máis dunha solicitude por equipo ou actividade non federada unicamente terase en conta a primeira en ter entrada no rexistro municipal.

Con carácter xeral, cada solicitude unicamente poderá abranguer o uso dunha instalación municipal por un tempo máximo de 4 h/semana.

Excepcionalmente e previo informe motivado do persoal técnico competente (coordinadora municipal de deportes) poderase aumentar este máximo de horas, previa ponderación das circunstancias que concorran en cada caso (categoría na que compite, demanda na franxa horaria solicitada...).

Finalizado o procedemento, unha vez publicada a lista definitiva de adxudicacións, no suposto de quedar franxas horarias ou instalacións sen ocupar poderanse distribuír entre as entidades, asociacións, clubs que a soliciten atendendo ao estricto orde de entrada no rexistro municipal e cos mesmos límites horarios establecidos no procedemento ordinario (4h/semana por equipo ou actividade que se poderán engadir ás xa autorizadas durante o procedemento).

9.-Causas de perda do dereito de uso da instalación.

Serán motivos de revogación da autorización de uso das instalacións:

- a) No suposto de instalacións deportivas municipais: o incumprimento dalgún dos artigos recollidos no Regulamento de réxime interno de instalacións deportivas publicado no BOP de 30 de decembro de 2010.
- b) Nos supostos de pistas escolares: o incumprimento da normativa recollida no Anexo IV das presentes bases.
- c) A cesión a terceiros da autorización de uso da instalación concedida.
- d) O emprego dos horarios autorizados para equipos distintos, dentro da mesma entidade, do beneficiario da autorización.
- e) A non comunicación de forma reiterada (máximo dúas ocasións) á Concellería de deportes do non uso voluntario e/ou previsible das instalacións nos horarios autorizados. Esta comunicación realizarase ao correo electrónico deportes@ferrol.es como cunha antelación de 24 horas.

A revogación da autorización por calquera dos motivos enumerados neste artigo conlevará ademais á perda do dereito a participar na convocatoria para o outorgamento de autorizacións para utilización de instalacións deportivas e pistas escolares na tempada 2018/2019.

10.-Obriga de comunicación de renuncia.

No caso de renuncia parcial ou total das horas adxudicadas, as entidades autorizadas deberán comunicalo a través de escrito presentado no Rexistro municipal aos efectos de poñer a disposición do resto de entidades deportivas as horas non empregadas.

11.-Natureza das autorizacións a outorgar.

As autorizacións que se outorguen ao amparo da presente convocatoria teñen a natureza de autorizacións demaniais e rexeranse polo disposto no artigo 92 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e en especial no referente a que as ditas autorizacións poderán ser revocadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Ferrol 14 de xullo de 2017.

Concelleiro delegado da Área de Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas

Jesús Basterrechea López

INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPALES		Act de algarimato sobre rúgas																				
		Bateado	Batman	Fútbol sala	Padel	Rugby	Tenis	Xmisa artística	Xmisa rítmica	Tiro con arco	Voleibol	Otras us.										
Complejo Deportivo A Malata	XOVES	SABADOS	DOMINGOS																			
	9:00 - 11:30 VENRES	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS																				
Pista Central	11:30 - 14:00																					
Ximnasio (Agoa L-M-V de 19:00 a 22:00)	LUNSA VENRES																					
	9:00 - 14:00	9:00 a 14:00	9:00 a 14:00																			
Campo de Rugby	16:00 a 22:00	16:00 a 21:00																				
	6:30 a 13:30	8:30 a 13:30	8:30 a 13:30																			
Pistas de Tenis	16:30 a 22:30	16:30 a 21:30																				
	6:30 a 13:30	8:30 a 13:30	8:30 a 13:30																			
Pistas de Padel (Pista 7)	16:30 a 22:30	16:30 a 21:30																				
FINO	LUNSA VENRES	SABADOS	DOMINGOS																			
Pista fútbol sala 1																						
Pista fútbol sala 2																						
Pista Mini - Premini basket 1																						
Pista Mini - Premini basket 2																						
Pista basket 3																						
Pista basket 4																						
Vestibulo																						
Pavillon de Esteiro	L-X-V	SABADOS	DOMINGOS																			
	11:00 a 14:00																					
Pista Central	MARTE E XOVES																					
	12:00 A 14:00																					
Pista lateral 1	LUNSA VENRES																					
	20:00 a 23:00																					
Pista lateral 2	17:00 a 20:00																					
	17:00 a 20:00																					
Pista lateral 3	17:00 a 20:00																					
	17:00 a 20:00																					
Pavillon d'o Ensanche	L-X-V	SABADOS	DOMINGOS																			
	10:00 a 11:00																					
Pista Central	MERCORES	9:00 a 14:00	RESERVA HORARIOS COMPETICION																			
	11:00 A 13:00																					
Pista lateral 1	LUNSA VENRES	H.C.O.M.P.T.																				
	16:00 a 23:30																					
Pavillon De Caranza	LUNSA XOVES	SABADOS	DOMINGOS																			
	10:30 A 14:00																					
Pista Central	21:00 a 23:00																					
	LUNSA VENRES																					
Pista lateral 1	18:00 a 19:00																					
	MERCORES	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS																				
Pista lateral 2	16:00 a 19:00																					
	MARTE E XOVES	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS																				
Pista lateral 2	16:00 a 21:00																					
	LUNSA VENRES																					
	16:00 a 21:00																					

PISTAS DEPORTIVAS ESCOLARES																
	LUNS A VENRES		SABADOS		DOMINGOS		desarrollo sobre todas			Otros usos						
	18:00s-22:00	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS	RESERVA HORARIOS COMPETICIONS	Baloncesto	Baloman	Futbol sala		Padel	Rugby	Tenis	Minisai final - arxística	Tiro con arco	Voleibol
Colégio A Laxe					X		X									
Casa do deporte																
Pista polideportiva	16:00s-21:00						X	X	X							
Pista	16:00s-20:00															X
	21:00s-23:00												X			
Cruceiro de Camiño																
Pista polideportiva	18:00s-23:00						X		X							X
Estadio																
Pista polideportiva	18:00s-23:00						X		X							X
Isaac Peral																
Pista deportiva 1	18:00s-23:00						X		X							X
Pista deportiva 2	18:00s-23:00						X		X							X
Manuel Masdeas																
Pista deportiva 1	18:00s-23:00						X		X							X
Pista deportiva 2	18:00s-23:00						X		X							X
Pazos																
Pista polideportiva	18:00s-23:00						X	solo minibasket								X
Ponzoas																
Pista polideportiva	18:00s-23:00						X		X							X
San Xosé de Figueira																
Pista deportiva 1	18:00s-23:00						X		X							X
Pista deportiva 2	18:00s-23:00								X							X
Recimil																
Pista polideportiva	LUNS															
	18:00s-20:00															X
	MIÉRFES															
	18:00s-23:00															X
	XOVES															
21:00s-23:00															X	
VENRES																
18:00s-22:00																X

Anexo II

SOLICITUDE INSTALACIONES ACTIVIDADE FEDERADA			
ENTIDADE		CIF	
Nº inscrición rexistro Concello de Ferrol		Data de inscrición:	
REPRESENTANTE		NIF	
Nº de conta (Iban e 20 díxitos)			
Enderezo a efectos de notificación:			
TLF:		FAX:	
E –mail:			
D/ Dona _____ con D.N.I nº _____ como presidente/a e/ou representante e en nome da entidade solicitante			
SOLICITO			
Que sexa admitida a trámite a solicitude para participar no procedemento de outorgamento de autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares por entidades deportivas durante a tempada 2017-2018			
E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:			
Baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que constan na solicitude, así como na documentación que se achega			
<input type="checkbox"/> Copia da inscrición do/s equipo/s na/s competición/s. <input type="checkbox"/> Declaración de cumprimento da normativa no desenvolvemento de actividades que impliquen contacto habitual con menores			
A presentar só no caso de entidades non deportivas	<input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF da entidade <input type="checkbox"/> Fotocopia do NIF do Representante <input type="checkbox"/> Fotocopia do documento de constitución no que conste o obxecto social deportivo da entidade ou declaración responsable sobre o uso deportivo da instalación. <input type="checkbox"/> Certificado ou copia do acordo do órgano competente da entidade para formular a solicitude.		

En Ferrol a de de 2017

Ado:

Sinatura do representante e selo da entidade.

D/Dª, con D.N.I..... Secretario/a da entidade, CERTIFICA que D/Dª, con D.N.I:..... ostenta representación suficiente para actuar en nome e por conta da entidade.
En Ferrol a de de 2017
Sinatura do secretario/a. Sr:.....

Anexo III

SOLICITUDE INSTALACIONES ACTIVIDADE NON FEDERADA			
ENTIDADE		CIF	
Nº inscrición rexistro Concello de Ferrol		Data de inscrición:	
REPRESENTANTE		NIF	
Nº de conta (Iban e 20 dixitos)			
Enderezo a efectos de notificación:			
TLF:		FAX:	
E -mail:			
D/ Dona _____ con D.N.I nº _____ como presidente/a e/ou representante e en nome da entidade solicitante			
SOLICITO:			
Que sexa admitida a trámite a solicitude para participar no procedemento de outorgamento de autorizacións demaniais para a utilización das instalacións deportivas municipais e pistas escolares por entidades deportivas durante a tempada 2016-2017			
E DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE			
Baixo a miña responsabilidade que son certos todos os datos que constan na presente solicitude, así como na documentación que se acompaña.			
<input type="checkbox"/> Copia da póliza do seguro de Responsabilidade civil e accidentes que cubra os riscos que puidera ocasionar a actividade a desenvolver por parte da entidade. <input type="checkbox"/> Declaración de cumprimento da normativa no desenvolvemento de actividades que impliquen contacto habitual con menores			
A presentar so no caso de entidades non inscritas	<input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF da entidade <input type="checkbox"/> Fotocopia no NIF do Representante <input type="checkbox"/> Fotocopia do documento de constitución no que conste o obxeto social deportivo da entidade ou declaración responsable sobre o uso deportivo da instalación. <input type="checkbox"/> Certificado ou copia do acordo do órgano competente da entidade para formular a solicitude.		

En Ferrol a de de 2017

Asdo:

Sinatura do representante e selo da entidade.

D/Dª con D.N.I.....
 Secretario/a da entidade, CERTIFICA que
 D/Dª con D.N.I:.....
 ostenta representación suficiente para actuar en nome e por conta da entidade.

En Ferrol a..... dede 2017

Sinatura do secretario/a. Sr:.....

BREVE DESCRIPCION DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA O USO DA INSTALACION	
Actividade:	
Destinatarios:	
Nº participantes:	
Recursos humanos:	
Observacions:	

ACTIVIDADE	DIAS					HORARIO	INSTALACION
	L	M	M	X	V		

Don/a:	con NIF:
En nome da entidade que represento, DECLARO:	
Que o persoal ao cargo da dirección e impartición das actividades obxecto da solicitude, ten a capacitación e formación necesaria para a súa impartición.	
No caso de que a entidade que represento tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas ou entidades, deberá observar estrictamente as obrigas que aos empresarios ou empregadores impoña a lexislación vixente en materia de Seguridade Social e Seguridade e Hixiene no Traballo así como facilitar o a información necesaria para dar cumprimento ás obrigas previstas na normativa referente á coordinación de actividades empresariais.	

En Ferrol a de de 2017

Asdo:
Sinatura do representante e selo da entidade.

Anexo IV

NORMAS PARA O USO DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS DOS COLEXIOS PÚBLICOS POR ENTIDADES ALLEAS AUTORIZADAS POLO CONCELLO DE FERROL

- 1.- Os responsables das entidades autorizadas comprométense ao respecto e bo uso das instalacións e do material do centro que se atope no interior do recinto deportivo.
- 2.- As entidades responsabilizaranse dos desperfectos e a suciedade ocasionados polos membros daquela no tempo de uso autorizado así como no tempo de permanencia no interior do recinto educativo.
- 3.- As entidades que fagan uso do pavillón teñen que estar acompañados por unha persoa responsable, maior de 18 anos (Adestrador ou delegado).
- 4.- Non se permitirá a presenza de persoas alleas (incluídos pais, amigos, etc.) durante a celebración dos adestramentos. Así mesmo está prohibida a entrada á instalación de animais de compañía agás cans guía.
- 5.- Non se permite a entrada nas instalacións con alimentos ou bebidas de cristal.
- 6.- Está prohibido fumar na instalación (decreto 113/93).
- 7.- Queda prohibido o acceso de calquera vehículo (incluídas motos, ciclomotores, bicicletas, patinetes, etc.) ao interior dos pavillóns; só poderán estacionar nas zonas asfaltadas de exterior.
- 8.- Entrégaselles ás entidades unha chave da porta de acceso peonil ao pavillón, da que se responsabilizarán, comprometéndose a non facer copias nin deixarlle a ningunha persoa allea á súa entidade e a entregala nas oficinas da concellería de deportes do Concello de Ferrol ao remate do período de uso autorizado.
- 9.- As entidades comprométense a comunicar o non uso das instalacións nos horarios autorizados. O non uso reiterado das mesmas poderá ser causa de revogación da autorización de uso.
- 11.- O incumprimento das normas descritas anteriormente poden dar lugar á revogación da autorización ao uso das instalacións.

Anexo V

**DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO
DA NORMATIVA NO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES
QUE IMPLIQUEN CONTACTO CON MENORES
correspondente á subvención nominativa**

(De conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro,
do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas)

D/Dna _____
con DNI nº _____, como presidente/a da entidade
_____,
con CIF nº _____

DECLARO (marcar cunha X o que proceda segundo o caso)

<input type="checkbox"/>	Que ningunha das actividades obxecto desta subvención implica o contacto habitual con menores.
--------------------------	--

<input type="checkbox"/>	Que o persoal que presta servizos no desenvolvemento das actividades obxecto de subvención que implican contacto con menores cumpre os requisitos previstos no artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia. ¹
--------------------------	---

Ferrol, ____ de _____ de _____

O/a presidente/a da entidade

¹

Artigo 13.5 da Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia: "Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non haber sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais".